

PROGRAMA COOPERATIVISMO NOS CENTROS DE ENSINO ESCAPE ROOM: "DESAFÍO COOPERATIVO"

[En colaboración co Concello da Coruña]

DATAS REALIZACIÓN	Entre o 15 de setembro e o 31 de decembro de 2023	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	A convir en función da dispoñibilidade dos centros participantes		
LUGAR CELEBRACIÓN	Nos centros de ensino participantes		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

OBXECTIVOS

- 1) Achegar os modelos empresariais da economía social e nomeadamente o modelo cooperativo a comunidade educativa dos centros de ensino participantes.
- 2) Coñecer as condicións e pasos a dar e practicar as ferramentas para emprender baixo as fórmulas empresariais da economía social.
- 3) Contribuír á mellora das posibilidades de acceso ao mercado laboral das persoas participantes, a que coñezan ás cooperativas e as súas achegas sociais e económicas e a que valoren a posibilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa.
- 4) Apoiar a visibilización do tecido cooperativo presente na cidade dando a posibilidade de establecer un diálogo coas cooperativistas.
- 5) Achegar ás persoas mozas participantes á fórmula cooperativa utilizando canles e códigos máis achegados á súa realidade.

PROGRAMA E CONTIDOS

ESCAPE ROOM "DESAFÍO COOPERATIVO" | Quendas: 5

A Escape Room: "desafío cooperativo" trátase dunha actividade baseada en xogos de escape room ou procuras do tesouro. O alumnado divídese en grupos e traballa en conxunto para resolver unha serie de enigmas e retos no menor tempo posible. O obxectivo do xogo é atopar pistas e resolver enigmas para avanzar na historia mentres aprenden contidos relacionados co cooperativismo. Os xogos de escape room requiren de habilidades como traballo en equipo, resolución de problemas, creatividade, compañeirismo, confianza, toma rápida de decisións, etc.

METODOLOXÍA

Primeira fase: xogo sen coñecementos previos.

Nesta primeira fase o alumnado resolverá os enigmas e retos sen darlle un contido teórico previo sobre cooperativismo. Charla sobre cooperativismo.

Despois da finalización da primeira fase haberá unha exposición sobre o que é o cooperativismo, cifras do cooperativismo e a economía social, principios e valores, características das cooperativas.

Segunda fase: xogo despois da charla.

Tras esta exposición, o alumnado xogará unha segunda fase onde deberá demostrar os coñecementos adquiridos.

O persoal de Espazocoop dinamizará as sesións xunto co persoal da cooperativa que elaborará o deseño, soporte e execución do xogo.

DIRIXIDO A

Esta actividade diríxese ás comunidades educativas dos centros de ensino secundario e Formación Profesional da Coruña e a súa área de influencia.

